



CONCELLO DE VIGO
CONCELLALÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

CONTA XERAL ANO 2019

Expediente nº: 148/143

PROPOSTA

Asunto: Rendición da Conta Xeral

Ano: 2019

Órgano: Alcalde-Presidente

Unha vez formada a Conta Xeral correspondente ao Orzamento do ano 2019, e ao obxecto de dar cumprimento aos prazos previstos no artigo 212.1 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, o Presidente da entidade renderá a Conta antes do 15 de maio do exercicio inmediato seguinte ao que corresponda. O apartado 2) do devandito precepto, establece que a Conta Xeral de cada exercicio someterase antes do 1 de xuño do exercicio inmediato seguinte a informe da Comisión Especial de Contas da entidade local.

En aplicación do artigo 48 do Real Decreto-Lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao Covid-19, o Tribunal de Contas, posibilita que aqueles órganos da Intervención das entidades locais que, con motivo da declaración do estado de alarma, non lles fose posible elaborar e remitir a información en materia de control interno, deberán declarar a imposibilidade de facelo e comunicarllo ao Tribunal de Contas, quedando en tal caso suspendidos os prazos previstos na normativa que resultase de aplicación, desde a declaración do devandito estado, ampliándose o prazo previsto nun período equivalente ao da duración efectiva do estado de alarma.

En relación co anterior, aínda nesa situación tan extraordinaria, a Conta Xeral formouse nos prazos regulamentarios, polo que non opera a suspensión de prazos, polo que, propónse ao Excelentísimo Sr. Alcalde-Presidente render a mesma, integrada por:

A Entidade Local.

Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo.

O perímetro de consolidación é o previsto no artigo 166 do TRLRFL, entes con orzamento limitativo.

Composta polos seguintes estados:

Balances

Conta de resultado económico-patrimonial.

Estado de cambios no Patrimonio Neto.

Estado de fluxos de efectivo.

Estado de liquidación do Orzamento.

Memoria e demais estados complementarios.

A Memoria achégase coa desagregación que establece a Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local e co detalle e comentarios máis salientables dos feitos contables, financeiros e patrimoniais que aconteceron no transcurso do ano 2019.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/05/2020 08:25

Páxina 1 de 2

Expediente 148/143

CSV: 29E2E2-4DE5CA-BH492B-E2JPGT-2QA25W-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
CONCELLALÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente nº: 148/143

CONTA XERAL ANO 2019

En Vigo, á data da sinatura electrónica

O Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda: Jaime Aneiros Pereira

(Delegación por Resolución da Alcaldía de 18 e 26/06/2019)



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/05/2020 08:25

Páxina 2 de 2

Expediente 148/143

CSV: 29E2E2-4DE5CA-BH492B-E2JPGT-2QA25W-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>